

AUTORA

Begoña Oro

ILUSTRADOR

Alejandro Villén

TEMAS

Humor. Tecnoloxía e Internet. Familia. Animais. Amizade. Prehistoria. Interculturalidade. Educación para o consumo. Imaxinación e creatividade

COMPETENCIAS

Dixital. CTEM. Persoal, social e de aprender a aprender. Plurilingüe

RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 56



Os Mug, atrapados no móbil

Ese son eu!

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque forma parte dunha serie que contribuirá a cimentar os hábitos dos primeiros lectores. Porque propón unha historia divertida que propicia unha conversa para sentar as bases sobre o uso axeitado do móbil. Porque fala de amizade, de relacións familiares e do valor das fotos como recordo entrañable dos momentos vividos.

RESUMO DO ARGUMENTO

Troti busca o óso co que a avoa Uma suxeita o pelo. E entón atopa un estraño aparello: un móbil. Dentro hai unha foto dos Mug, pero que fan aí atrapados? É cousa de maxia? Poderán saír fóra? De socato, o móbil soa e os Mug levan un bo susto. Máis tarde, Mía e o seu pai explícanlles para que serve un móbil e como poden tirar fotos coas que ter bos recordos que, dalgún modo, «paran o tempo».

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para primeiros lectores, especialmente para os que comezan a familiarizarse coa letra caligráfica e para aqueles que xa coñecen a Troti e as súas divertidas aventuras.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Proponlles aos teus alumnos que preparen un pequeno **resumo** do libro, pero no canto de facelo de modo convencional, pídelles que escollan **tres problemas** que se amosan na historia (por exemplo, *pérdese o óso de Uma*) e expliquen cal foi a **solución** que atoparon os protagonistas en cada caso.

GRUPO

Onde estaba o óso que perdeu a avoa Uma? Despois de responder a esta pregunta en gran grupo, inicie un **xogo de atención**. Por quendas, un ou dous alumnos sairán da aula, e os que quedaron dentro deberán mover algún obxecto característico da decoración da clase. Así que volvan, os compañeiros que saíron deberán achar o que cambiou de lugar. Se fose preciso, podeades darlles algunhas pistas (*por onde está o obxecto, de que cor é, para que serve* etc.). A actividade remata cun grande aplauso para os «alumnos detectives», e pode repetirse con distintos compañeiros as veces que faga falta.

CIENCIAS DA NATUREZA

Os inventos do mundo moderno son unha marabilla! Divíde os teus alumnos en grupos e encárgalles unha pequena **investigación** sobre un **invento** que non existise na Prehistoria (pode ser tan antigo ou moderno como desexen). Para iso, deberán procurar información explicativa (*para que serve, quen o inventou, cando foi inventado, como evolucionou*, etc.) e acompañala dunha foto ou un debuxo. Por último, e tendo en conta como lles chaman os Mug aos obxectos que atopan na casa do avó de Mía (espello = «río de parede sen auga»; móbil = «adiviña-tempo musical»), anima os teus alumnos a pensar no **nome** que lle darían os Mug ao invento que elixiron.

TALLER DE ESCRITURA

Aínda que os rapaces destas idades non acostuman ter móbil, é habitual que saiban facer unha chamada. Pídelles aos teus alumnos que axuden á familia prehistórica e elaboren unhas **instrucións para facer unha chamada telefónica** con todos os pasos que deben seguir os Mug para chamar a alguén co móbil.